
REGULAMENTO AUTONÓMICO DE CAZA MENOR CON CAN

ÁMBITO E CARACTERÍSTICAS

1. OBXECTO DO CAMPIONATO

1.1- O Campionato Galego de "Caza Menor con Can" é unha proba deportiva que ten por obxecto premiar e distinguir ao cazador federado, afiliado a unha Sociedade de cazadores, que amose as necesarias condicións físicas e habilidade cinexética no exercicio da caza, de conformidade ao Regulamento Xeral de Competicións e ás Regras Técnicas da modalidade establecidas pola Federación Galega de Caza para cada tempada.

1.2- A organización do Campionato Galego de Caza Menor con Can corresponde á Federación Galega de Caza como único órgano competente para a súa regulación.

1.3- Este Campionato disputarase cada ano entre aqueles cazadores que fosen clasificados ou seleccionados polas Federacións Provinciais no número que se sinalará pola Federación Galega de Caza nas normas de cada tempada.

2. TIPOS DE PROBAS

2.1- O Campionato Galego de Caza Menor con Can **poderá** comprende catro niveis: Sociais, Comarcais, Provinciais e Autonómico

2.2- As diferentes probas do Campionato regularanse de acordo ás presentes Regras Técnicas e normas que cada ano emitirá a Federación Galega de Caza para as competicións de nivel Social, Comarcal, Provincial e Autonómico dentro do ámbito das súas competencias.

2.3- O Comité de Competicións será o encargado de elaborar as Regras Técnicas e normas que dará a coñecer cada tempada, antes da celebración do Campionato Galego de Caza Menor con Can.

2.4- A Federación Galega de Caza organizará, de acordo ao presente Regulamento, as probas con carácter Social, Comarcal, Provincial e Autonómico, a través de si mesma, das súas Federacións Provinciais e das Sociedades.

2.5- Nas distintas fases da competición non se poderán clasificar directamente os participantes con cero puntos. Neste caso, e sempre que existan prazas vacantes, realizarase un sorteo para cubrir esas prazas entre aqueles que entraran no tempo regulamentario.

2.6- As probas de cada nivel terán carácter clasificatorio ou selectivo, outorgándose ao vencedor o título de Campión da proba que poderá defender na seguinte edición.

2.7- A entidade organizadora deberá subscribir unha póliza de seguro para cubrir a súa responsabilidade civil polos danos a terceiros en que puidera incorrer como organización.

3. CAMPIONATOS SOCIAIS E COMARCAIS

3.1- Esta proba organizarase por cada sociedade federada de cazadores entre os socios que reúnan os requisitos que máis adiante se determinan.

3.2- Neste nivel Social e Comarcal clasificaranse ou seleccionaranse o número de cazadores que cada Federación Provincial determine para participar no Campionato Provincial. Si se celebra proba en campo, o Campión defenderá o seu título na seguinte edición.

3.3- As Sociedades poderán seleccionar ao seus representantes para o Campionato Provincial mediante aprobación en Asemblea Xeral ou da súa Xunta Directiva.

3.4- Tanto si se realiza proba en campo como acordo da Sociedade, levantarase a Acta correspondente, que deberá ser remitida ás Federacións Provinciais dentro das datas que esta determine.

4. CAMPIONATOS PROVINCIAIS

4.1- Esta proba selectiva disputarase entre aqueles cazadores que consten como clasificados ou seleccionados na Acta emitida pola súa Sociedade e reúnan os requisitos que máis adiante se determinan, ademais dos específicos que a Federación Provincial esixa de acordo coa lexislación cinexética vixente para o exercicio da caza nesa Provincia.

4.2- Os Campionatos Provinciais realizaranse entre os representantes das Sociedades mediante proba de campo, sendo organizados pola Federación Provincial e desenvolveranse de acordo coas presentes Regras Técnicas.

4.3- Unha vez celebrada a proba, o primeiro clasificado ostentará o título de Campión Provincial ata o seguinte Campionato que se celebre, onde poderá defender o seu título.

4.4- Desta proba levantarase a Acta correspondente, coa relación de participantes e o resultado da clasificación, que será enviada á Federación Galega de Caza dentro das datas que esta determine.

5. CAMPIONATOS AUTONÓMICOS

5.1- Este Campionato organizarase pola Federación Galega de Caza mediante proba de campo entre os cazadores clasificados nos Campionatos Provinciais, que deben reunir os requisitos que máis adiante se determinan, ademais dos específicos que a Federación Galega de Caza determine.

5.2- O Campionato Autonómico ten por obxecto seleccionar aos cazadores que participarán na seguinte fase en representación desta Autonomía, e nun número que o órgano competente a nivel nacional determine.

5.3- Realizarase nunha proba única entre os cazadores clasificados nos Campionatos Provinciais que consten na Acta correspondente e de acordo co presente Regulamento e as normas de regulación emitidas pola Federación Galega de Caza.

5.4- O primeiro clasificado ostentará o título de Campión Galego ata o seguinte Campionato Autonómico que se celebre, onde poderá defender o seu título.

5.5- Desta proba levantarase a Acta correspondente, coa relación de participantes e o resultado da clasificación, que será enviada ao órgano competente a nivel nacional, sendo o único documento de inscrición dos clasificados pola Autonomía para o nivel seguinte.

5.6- O campionato galego é unha proba organizada pola Federación Galega de Caza que ten por obxecto seleccionar mediante proba de campo ao cazador galego máis cualificado.

5.7- No Campionato Galego de Caza Menor con Can participarán los cazadores que reúnan os requisitos que se determinan no artigo seguinte e se clasificaran nos campionatos provinciais, ademais do Campión da edición anterior, que defenderá o seu título.

O número de prazas para o campionato galego establecerase tendo en conta que cada provincia contará cun mínimo de participantes, sendo o resto proporcional ao número de licenzas federativas por cada provincia

5.8- Recibirá o título de Campión Galego de Caza Menor con Can, o concursante que obtivera o maior número de puntos de acordo cos baremos que máis adiante se determinan.

5.9- Ao cazador Campión Galego entregaráselle unha placa.

5.10- O Xurado da proba redactará unha Acta coa relación de participantes, clasificación e incidencias.

DOS PARTICIPANTES

7. DO CAZADOR

7.1- En cada unha das probas de que consta o Campionato Galego de Caza Menor con Can, os cazadores participarán cumprindo os seguintes requisitos:

- A) Pertencer con plenitude de dereitos a unha Sociedade Federada, segundo certificación da mesma.
- B) Ter sido clasificado ou seleccionado en cada proba, constando como tal na Acta correspondente.
- C) Portar os documentos en vigor esixidos pola Administración correspondente para practicar a caza.
- D) Ter licenza federativa da Federación Galega de Caza en vigor.
- E) Dispor de seguro voluntario de "Danos a Terceiros" coa cobertura mínima que cada ano determinen as normas da Federación Galega de Caza.
- F) Utilizar a cartuchería permitida e unha escopeta regulamentaria cos dispositivos esixidos para o Campionato Galego de Caza Menor con Can.
- G) Portar durante as probas os distintivos que a organización determine.
- H) Presentarse ao Campionato por unha única Sociedade de cazadores.
- I) [Coñecer e aceptar estas Regras Técnicas e as normas concordantes emitidas polo órgano competente para as distintas probas.](#)

7.2- Os competidores que non cumpran os requisitos citados, serán eliminados.

8. DO CAN

8.1- Os cazadores acreditarán as condicións sanitarias do Can e [a súa inscrición nun libro xenealóxico legalmente recoñecido.](#)

8.2- Non se permitirá a participación de Cans con mostras ostensibles de enfermidade ou de non seren desparasitados, nin de cadelas en celo.

8.3- No caso de cambiar de Can durante a proba, o novo a utilizar estará tamén suxeito aos requisitos sinalados anteriormente.

8.4- Unicamente se poderán cambiar Cans no curso da competición por enfermidade ou lesión, nunca por morte.

8.5- Non está permitido o uso de colares electrónicos, de impulsos, ultrasóns, o calquera outro utensilio coercitivo para o adestramento de Cans.

ORGANIZACIÓN E CARACTERÍSTICAS DAS PROBAS

9. TERREOS

9.1- As probas de campo desenvolveranse sobre terreos onde está permitida a actividade cinexética de caza menor.

9.2- Os terreos onde se realice cada proba do nivel autonómico terá unha superficie mínima de 100 Has. por cada cazador participante.

9.3- A superficie poderá ser menor nos Campionatos Comarcais, Sociais, e Provinciais, que serán realizados conforme á regulamentación da Federación Galega de Caza.

9.4- A designación dos terreos das probas farase pola entidade organizadora que elixirá unha zona continua de terreo para o desenvolvemento da proba e deberá estar debidamente sinalizado nos seus límites.

9.5- A Organización disporá da autorización escrita do titular dos dereitos cinexéticos do terreo, sempre que este extremo se considere necesario para o exercicio da caza na zona de competición.

9.6- Os participantes unicamente poderán visitar o cazadeiro durante dúas xornadas como máximo. As xornadas de visita serán designadas pola Organización e terán lugar preferentemente durante a fin de semana. Estas datas fixaranse con polo menos quince días de antelación á celebración do Campionato. Para concretar os días de visita, o horario e a forma de realizala, os participantes e os xuíces deberán seguir as instrucións dos organizadores dos Campionatos.

9.7- A visita do cazadeiro só se poderá realizar polo concursante, que poderá acompañarse dun só Can, sempre que este permitido pola lexislación vixente no lugar de celebración do Campionato.

9.8- Ningún participante ou persoa enviada por el poderá visitar o cazadeiro de xeito individual e fóra dos días designados pola Organización. O incumprimento desta norma suporá a inmediata descualificación do concursante.

10. ARMAS E MUNICIÓNS

10.1- Durante cada proba, o cazador utilizará unha soa arma regulamentaria que poderá cambiar por outra ante o Xuíz de Campo e o Xurado de Competición.

10.2- Las armas e los cartuchos a utilizar deberán cumprir cos requisitos esixidos pola lexislación vixente.

10.3- Durante a competición, a arma utilizada en ningún caso poderá conter máis de dous cartuchos en total.

10.4- Cada competidor disporá da cartuchería regulamentaria para a caza menor, da que deberá aprovisionarse por completo a inicio da proba.

Durante a competición cada concursante poderá empregar un máximo de 15 cartuchos.

11. DURACIÓN

11.1- A duración das probas será entre un mínimo de catro e un máximo de sete horas dende a saída ata a entrada no control.

11.2- Permitirase a clasificación de cazadores que cheguen ao Control ata con quince minutos despois da hora de finalización marcada pola Organización, penalizándose esta demora coas puntuacións negativas que máis adiante se determinan.

11.3- Nas distintas fases clasificatorias e no Campionato Galego de Caza Menor, se o participante entra no Control antes de que transcorra o 50% do tempo fixado pola Organización para a duración da proba, será descalificado, excepto se capturou o cota de pezas establecida.

11.5- Salvo nos supostos contemplados anteriormente, considérase que o participante rematou a proba cando entra dentro do perímetro de seguridade en torno ao Control. Este perímetro será de 250 metros debidamente sinalizado, salvo que por circunstancias excepcionais a Organización decida modificar esta distancia, o que deberá ser advertido aos participantes.

11.6- En todo caso considérase finalizada a proba de calquera participante que sexa descalificado definitivamente polo Xurado de Competición, mediante xustificación escrita das causas que a motivan.

12. ESPECIES CINEXÉTICAS

12.1- As especies permitidas e súa cota virán condicionadas polo que determine o Plan Cinexético do terreo, dentro das que adiante se mencionan. En todo caso, as normas do Campionato aclararán debidamente este extremo.

12.2- Os Campionatos realizaranse con especies salvaxes, aínda que en determinadas circunstancias debidamente xustificadas, poderá reforzarse o terreo con especies de granxa.

Tanto o Campionato Provincial como o Autonómico disputaranse mediante proba de campo, con caza silvestre, e no caso de que algunha Federación Provincial tivera a necesidade de celebrar Campionatos comarcais ou semifinais, estas poderanse realizar en [terreos cinexeticamente ordenados debidamente autorizada pola organización](#). Considerarase tamén caza salvaxe ou caza silvestre, de forma extraordinaria, aquela caza sementada polo menos cun mes de antelación á celebración da proba.

Só se poderán cazar as especies contempladas como tales na Orde Anual de Vedas; a organización da proba pode establecer a prohibición de abater algunha destas e/ou limitar o número de capturas, por razón de escaseza ou polo cumprimento do Plan de Aproveitamento Cinexético.

12.3- Só contabilizarán como puntuables as especies obxecto do Campionato, debendo informar o Director da Proba aos participantes das pezas permitidas e a súa cota.

12.4- Para a contabilización e inspección das especies capturadas en cada Campionato, contarase coa presenza dun Xurado Técnico experto en especies cinexéticas, que determinará o salvaxismo de cada peza capturada, debendo informar por escrito ao Xurado de Competición e ao participante afectado en caso de non confirmarse este extremo nalgunha das pezas capturadas.

12.5- Durante cada proba consideraranse especies obxecto do Campionato algunhas, ou todas das que a continuación se relacionan, podendo cada cazador capturar durante a súa intervención ata o máximo que se indique pola Organización da proba.

12.6- Será descalificado provisionalmente polo Xuíz de Campo o cazador que:

- A) Dispare sobre unha especie de pelo que non este en movemento (encamada) ou sobre unha ave que non este en voo (a peón), excepto si é para cobrar unha peza ferida por disparo do propio cazador.
- B) Capture por disparo un maior número de pezas das autorizadas.
- C) Dispare sobre unha especie protexida ou prohibida para ese Campionato.

12.7- Si se produce algún de los tres supostos descualificatorios anteriormente citados, o Xuíz de Campo deberá obrar do xeito seguinte:

- A) Anotar na ficha de control a especie capturada e o número delas.
- B) Recoller a peza ou pezas que entregará ao Xurado de Competición.
- C) Comunicar ao cazador o fin da súa participación no Campionato.

12.8- Cada vez que o participante cobre unha peza, deberá entregala inmediatamente ao Xuíz de Campo, que procederá á súa marcaxe coa marca ou precinto que para tal efecto lle facilitara a Organización.

12.9- Non serán contabilizadas aquelas pezas de caza que non se presenten debidamente precintadas ou marcadas.

13. DESENVOLVEMENTO DA PROBA

13.1- Coñecidas as especies permitidas, o número de cartuchos que se poden empregar na proba e as normas específicas do Campionato, a organización dará a coñecer a tódolos participantes a composición do Xurado de Competición, a do Xurado Técnico e o nome do Director do Campionato.

13.2- Os participantes en cada proba estarán a disposición da Organización no lugar, día e hora que as normas reguladoras determinen, provistos dos documentos e medios necesarios para poder realizar a Competición.

13.3- Darase a saída mediante disparo, non estando permitido aos participantes cargar a arma ata terse superado unha zona de 250 metros de seguridade.

13.4- Unha vez comezada a proba, non estará permitida a incorporación de ningún participante, a non ser que o Xurado de Competición, en caso excepcional e debidamente xustificado, considere o contrario.

13.5- A organización do Campionato sinalizará con bandeiras a zona neutra arredor do Control e habilitará o lugar para facilitar o acceso dos participantes ata a mesa do Xurado de Competición, sen sufrir interrupcións por parte dos espectadores.

13.6- Disporanse bolsas contedoras para gardar as pezas entregadas por cada participante ata dar a coñecer a clasificación definitiva.

13.7- A Organización poñerá en marcha os procedementos de control e vixilancia suficientes para evitar o trasfego de espectadores a pé ou en vehículos pola zona onde se desenvolverá a Competición.

13.8- A Organización disporá de vehículos debidamente identificados para que a propia organización, a prensa ou espectadores autorizados poidan visitar a zona de Competición.

13.9- Establecerase unha rede de comunicación entre o Xurado de Competición, os vixilantes de seguridade da proba e os Xuíces de Campo.

13.10- No Control disporase de lousa onde se irán anotando os disparos e capturas de cada participante a medida que se reciba a mensaxe dos Xuíces de Campo.

13.11- Á chegada ao Control, o Xuíz de Campo entregará a ficha de control ao Xurado Técnico e presentará, xunto co cazador, a inspección das pezas entregadas, informando a ese Xurado sobre os asuntos se lle soliciten.

13.12- O Xurado Técnico anotará sobre la ficha de control la idoneidade de cada unha das pezas entregadas, pasando a ficha debidamente asinada ao Xurado de Competición, que irá anotando as puntuacións correspondentes na Acta da proba.

13.13- Transcorrido o tempo para a competición, o Director do Campionato lerá aos presentes o resultado provisional da proba, comezando polo último clasificado e finalizando co Campión.

13.14- Unha vez efectuada a información sobre a clasificación provisional, concederase un tempo de vinte minutos para presentar calquera impugnación por escrito. Transcorrido ese tempo, a clasificación considerarase definitiva, e levantarase Acta do Campionato.

13.15- Durante a Competición os participantes estarán suxeitos ás normas e condicións seguintes:

- A) Cazar ao salto dentro da zona marcada para a competición, de xeito individual e sen colocarse en ningún caso en man con outros competidores.
- B) Cazar cun solo Can, podendo cambialo por outro no Control, sempre que previamente se informara da súa intención ao Xurado de Competición e sexa autorizado por este.
- C) Portar durante toda a proba as pezas abatidas e cobradas susceptibles de puntuación, que presentará na súa totalidade ao Xurado de Competición, sempre en presenza do seu Xuíz de Campo e dentro do tempo establecido pola Organización. Exceptúase o raposo, do que se presentará unicamente o rabo.
- D) Empregar unicamente unha arma regulamentaria para cazar.
- E) Levar consigo toda a munición a utilizar durante a proba.
- F) Portar na arma soamente dous cartuchos.
- G) Cazar sempre á vista do Xuíz de Campo e na súa exclusiva compañía. No caso de indisposición do Xuíz para acompañar ao participante ao ritmo que este marque durante la proba, solicitarase a súa substitución por mensaxe ou acompañando ao Xuíz ata o Control.
- H) Rexeitar calquera conversación ou contacto verbal, excepto o saúdo, con persoas alleas á proba, excepto coa prensa debidamente identificada.
- I) Informar á Organización de cantos asuntos se lle soliciten relacionados co desenvolvemento da proba e aqueles que observe ou considere sobre a actuación do seu Xuíz ou de outros Xuíces e participantes.
- J) Cazar unicamente as especies cinexéticas permitidas na proba e no número que se determine.
- K) Actuar en todo momento con deportividade ética e cinexética, respectando as normas da organización, ao resto de competidores e aos espectadores da proba.
- L) Á saída da proba estará totalmente prohibido aos participantes correr dentro da zona de seguridade.
- M) Serán descualificados os participantes que non cumpran algún dos requisitos nomeados anteriormente.

CRITERIOS DE PUNTUACIÓN E CLASIFICACIÓN

14. PUNTUACIÓNS

- 14.1- O único órgano con potestade para dar a clasificación da proba é o Xurado de Competición.
- 14.2- Unicamente se computarán como válidas as pezas que estivesen permitidas para a proba segundo o artigo 12 das presentes Regras Técnicas.
- 14.3- O cazador obterá a puntuación que máis adiante se indica cando a peza fose abatida por tiro, cobrada en presenza do Xuíz de Campo e entregada no Control ao Xurado Técnico.
- 14.4- Unicamente se computará unha peza por cada disparo efectuado, aínda que como consecuencia do mesmo sexan abatidas máis dunha.
- 14.5- O número máximo de pezas computables non poderá ser en ningún caso superior ao número de disparos efectuados.
- 14.6- O Xuíz de Campo anotará na ficha de control cada disparo efectuado, indicando si se abateu algunha peza e si se cobrou, e tamén si se fallou no disparo
- 14.7- Cando varios participantes obteñan a mesma puntuación final, clasificarase en primeiro lugar el cazador que se presentara antes no Control.
- 14.8- O baremo de puntuación para cada peza é o seguinte:

| | |
|-----------------------------|------------|
| 1) Perdiz..... | 550 puntos |
| 2) Arcea | 500 puntos |
| 3) Ganso común..... | 500 puntos |
| 4) Raposo | 500 puntos |
| 5) Lebre | 360 puntos |
| 6) Coello | 350 puntos |
| 7) Agacha | 200 puntos |
| 8) Parrulo real..... | 200 puntos |
| 9) Faisán..... | 200 puntos |
| 10) Avefría..... | 150 puntos |
| 11) Pomba torcaza | 150 puntos |
| 12) Pomba bravía | 150 puntos |
| 13) Rula común | 150 puntos |
| 14) Paspallás | 100 puntos |
| 15) Pomba zurita..... | 100 puntos |

14.9- Non entrarán na cota de pezas as capturadas polo Can sen disparo e sempre que non teñan mostra ostensible de enfermidade. As pezas capturadas nestas condicións, puntuarán co 50% do valor establecido.

14.10- **Da puntuación obtida con arranxo ao baremo anterior descontaranse os puntos obtidos por penalización de acordo a este criterio: 25 puntos por cada minuto de atraso con que se presente en control e 25 puntos por cada vaina de cartucho disparado e non presentada en control ao entregar as pezas, sen ningunha excepción.**

14.11- A puntuación clasificatoria do concursante será a diferenza entre a positiva das capturas efectuadas menos os puntos de penalización. Si dese un resultado negativo, adxudicaranse ao concursante cero puntos.

XUÍCES DE CAMPO E XURADO TÉCNICO

15. XUÍCES DE CAMPO

15.1- Os Xuíces de Campo deberán reunir os seguintes requisitos:

- A) Pertencer con plenitude de dereitos a algunha Sociedade Federada de cazadores, segundo certificado acreditativo emitido pola mesma.
- B) Ter licenza federativa da Federación Galega de Caza en vigor.
- C) Non estar inhabilitado por Resolución Disciplinaria firme.
- D) Aceptar tódalas Leis, Regulamentos e Normas concordantes que regulen a proba na que se participe.
- E) **Ser seleccionado para xulgar a proba polo participante ou a Federación correspondente, responsabilizándose da súa capacidade e boa forma, así como do coñecemento das Regras Técnicas de Caza Menor con Can.** No caso de non poder acompañar ao participante a ritmo da competición, se o Xuíz de Campo ten que ser substituído, sempre que no sexa por lesión ou enfermidade, o Xurado de Competición poderá restar ata o 50% dos puntos obtidos ao participante ou Federación que seleccionara ao Xuíz substituído.

15.2- A función do Xuíz de Campo consistirá en acompañar ao cazador durante toda a proba, velando polo estrito cumprimento deste Regulamento.

15.3- Deberá anotar sobre a ficha de control tódolos datos que se contemplan na mesma referidos á actuación do cazador durante a proba e proceder á marcaxe das pezas na forma determinada no artigo 12-8, deste Regulamento.

15.4- O Xuíz de Campo transportará ata o Control, se non se recolle antes pola Organización, as pezas non computables que fosen cobradas durante a proba, ben por capturarse sen disparo polo Can, polo participante ou por el mesmo.

15.5- No caso de non atoparse facultado para seguir ao participante, solicitará o seu relevo mediante mensaxe ao Xurado de Competición, ou sendo acompañado polo cazador ata o Control para ser relevado.

15.6- O Xuíz de Campo poderá descualificar xustificadamente e de xeito provisional ao cazador que incumpra as presentes Regras Técnicas, presentándose seguidamente ante o Xurado de Competición para informar dos motivos que deron lugar á descualificación.

15.7- La Organización da competición debe garantir a correcta preparación física e técnica dos Xuíces de Campo, estando facultado o Xurado de Competición para, en función das circunstancias, adxudicar directamente un Xuíz a un concursante polas súas características físicas, velando así polo bo desenvolvemento da Competición.

16. XURADO TÉCNICO

16.1- O Xurado Técnico é o único órgano competente da Organización de calquera proba de Caza Menor con Can para determinar o salvaxismo das especies permitidas obxecto do Campionato.

16.2- Estará composto por máis dun membro e designarase pola Organización de entre persoas coñecedoras da fauna de recoñecido prestixio cinexético e técnico.

16.3- Realizarán sobre as especies capturadas cantas probas técnicas consideren, ao obxecto de dar o seu veredicto ao Xurado de Competición de xeito inmediato.

16.4- Actuarán nos Campionatos recibindo no Control as especies que porten os participantes xunto coa ficha de control que entregarán os Xuíces de Campo, sobre a que certificarán a admisión das pezas susceptibles de puntuación.

O presente Regulamento foi aprobado pola Asemblea, celebrada en Santiago de Compostela o 27 de decembro de 2013, modificados en Asemblea, celebrada en Santiago de Compostela o 11 de abril de 2015.